

Aspectos diacrónicos e sincrónicos do galego de Asturias

por ANTÓN XOSÉ MEILÁN GARCÍA

N O PRINCIPADO DE ASTURIAS fálanse tres linguas: dúas autóctonas, o bable (ou asturiano) e o galego, este na parte máis occidental do seu territorio, entre as concas dos ríos Navia e Eo, e a terceira, digamos que «importada», a lingua de Castela, que en principio era propia ou autóctona do seu territorio (Norte de Burgos-Sur de Cantabria) e que debido á loita contra os árabes, a través dun lento proceso, mestúrase coa asturiana para ir imponéndose pouco a pouco ate –digamos– facerse «oficial» coa unificación política e administrativa que levaron a cabo os Reis Católicos a finais do século xv. Corenta e tres anos despois da toma de Granada, exactamente no ano 1535, o testemuño do lingüista Juan de Valdés non ofrece ningunha dúbida:

«La lengua castellana se habla no solamente por toda Castilla, pero en el reino de Aragón, en el de Murcia con toda el Andaluzia y en Galizia, Asturias y Navarra; y esto aun hasta entre gente vulgar, porque entre la gente noble tanto bien se habla en todo el resto de España»¹.

Con outras palabras o actual Principado de Asturias lingüísticamente é un territorio trilingüe: as dúas linguas autóctonas, asturiana e

¹ JUAN DE VALDÉS, *Diálogo de la lengua*, ed. de C. Barbolani, Madrid (Cátedra), 1990, páx. 142.

galega, xorden do latín que trouxeron os romanos e aboian en circunscripciois xeográficas, lingüísticas e culturais distintas; a asturiana no territorio do convento xurídico Asturicense e a galega no territorio do convento xurídico Lucense. Polo que se refire á lingua castelá nos seus comenzos (séculos x ó xv) mestúrase coas linguas autóctonas por razóns bélicas do avance territorial contra os árabes e despois aséntase e triunfa por razóns políticas de Estado (séculos xv e seguintes).

OS LINDEIROS DO «CONVENTUS LUCENSIS»

Unha das varias provincias nas que os romanos dividiron o territorio peninsular hispano foi *Gallaecia*, que se constitúe formal e plenamente como tal na reforma que fai Diocleciano no ano 287 d.C. Esta provincia estaba formada por catro conventos: o Lucense, o Bracarense, o Asturicense e o Cluniacense, conventos que viñan ser divisións fundamentalmente administrativas das provincias respectivas². Os *conventus* eran organizacións que tiñan a súa propia circunscripción territorial e que dependían dunha capital, que pese a data do ano 287, na que Diocleciano constitúe a provincia *Gallaecia*, hoxe sábese por algunha inscrición que se foi atopando ao longo destes derradeiros anos que os *conventus* xa estaban formados no ano 1 d. C., tanto na súa función militar coma na xurídica-administrativa³. Pero o que máis nos interesa sinalar son os seus lindeiros, que ao día de hoxe apenas ofrecen dúbidas. En efecto, o *Conventus Lucensis*, que tiña a súa capital en Lugo, collía toda a parte N. O. da Península, mentras que polo

² Para estas cuestións consultamos F. ARIAS VILAS, «Lucus Agusti» en *La Romanización de Galicia*, La Coruña (Ediciones del Castro, Cuadernos del seminario de estudios cerámicos de Sargadelos, 16), 1992, pág. 60; F. ARIAS VILAS, «A romanización de Galicia», en *Historia de Galicia*, 4, Vigo (Edicións A Nosa Terra), 1992, páxs. 29 e segs.; C. TORRES RODRÍGUEZ, *La Galicia Romana*, La Coruña (Fundación Pedro Barrie de la Maza), 1982, páxs. 103-124.

³ F. ARIAS VILAS, «A romanización», pág. 30.

Sur chegaba á ría de Vigo, río Verdugo, serra do Suído e río Sil e pola parte Leste lindaba coas serras do Courel, Ancares e Rañadoiro tendo como liña concreta de demarcación o curso do río Navia⁴. Neste senso, últimas investigacións levadas a cabo por C. Fernández Ochoa demostran que os lindeiros do *Conventus Lucensis* chegaban ate o río Caneiro⁵, un pouco máis ao este do río Navia. É dicir, os terreos entre os ríos Caneiro e Eo pertenceron e foron polo tanto romanizados baixo as influencias sociais e culturais do *Conventus Lucensis*.

A ROMANIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Hai un feito incuestionable e irrefutable que demostra que a romanización, isto é, a asimilación da cultura romana (lingua, costumes, modo de vida, relixión, etc.) polos habitantes de Hispania, produciu a eliminación total das linguas que se falaban antes da chegada dos romanos (agás o vasco). Os romanos fixeron esquecer todo o panorama lingüístico que había cando desembarcaron na Península. A cultura —e neste caso, a lingua— dun pobo nin se esquece nin, á inversa, se asimila nunha centuria. En efecto, a romanización foi un proceso longo (polo menos durou seis séculos) pero ademais continuado, intenso e persistente, no que interveñen en primeiro lugar razóns militares (de conquista) pero inmediatamente despois intereses económicos, comerciais (explotacións mineiras), culturais (escolarización) e relixiosos (propagación do cristianismo), é dicir, a implantación da cultura romana ao longo da Península foi «in crescendo», pouco a pouco, moi lentamente, ate dominar ou instalarse en tódolos ámbitos da sociedade de tal maneira que cando no século V desaparece o Imperio Romano, os habitantes de Hispania axeitaban a cultura e a lingua

⁴ F. ARIAS VILAS, «A romanización», páx. 32.

⁵ C. FERNÁNDEZ OCHOA, «Roma y la conquista del norte peninsular», en *Historia de Asturias*, fasc. 9, Oviedo (La Nueva España), 1990, páx. 153.

que trouxeron os invasores romanos. É máis, en opinión de Díaz e Díaz no século III Hispania xa estaba romanizada, coas súas mesmas palabras:

«En conjunto puede decirse que hacia el siglo III la romanización de España es total (si no geográficamente, al menos en densidad), que sus hombres hablan exclusivamente latín y que el gobierno de Roma se ejerce sobre ciudadanos romanos, no sólo por la concesión universal de derechos en tiempo de Caracalla, sino por auténtica fusión de indígenas y gentes de Italia»⁶.

Anque desde outro punto de vista, Rafael Lapesa ten unha opinión moi parecida:

«Al principio del Imperio, Roma gozaba de una serie de privilegios que no alcanzaban a las provincias; pero la creciente incorporación activa de éstas a la vida romana exigió que disminuyera la desigualdad. El derecho latino, y más aún la ciudadanía romana, sólo eran otorgados fuera de Italia como honor o recompensa. Pero cuando Hispania era ya –según Plinio– el segundo país del Imperio, Vespasiano extendió a todos los hispanos el derecho latino (...) Roma cede sus prerrogativas y Caracalla (212) convierte en ciudadanos romanos a todos los súbditos imperiales»⁷.

Con outras palabras, os terreos do Eo-Navia romanizáronse baixo o dominio cultural e lingüístico que había no *Conventus Lucense*. A súa lingua é a mesma que se falaba no ámbito dos seus lindeiros, coas lóxicas diferencias de zona, é dicir, sería un latín vulgar cun diasistema xa propio do galego, (como por exemplo un sistema vocálico de sete vocais con catro grados de abertura, así como con características morfolóxicas, sintácticas e semánticas propias dese sistema de lingua), da mesma maneira que o latín vulgar falado no *Conventus Asturicense* xa era unha lingua cun diasistema propio do asturiano, que comenzaba a perfilar as características lingüísticas (fonolóxicas, sintácticas e semánticas) do asturiano actual (*Mapa 1*).

⁶ M. DÍAZ Y DÍAZ, «El latín de la Península Ibérica: rasgos lingüísticos», *ELH*, I, Madrid, 1959, páx. 154.

⁷ R. LAPESA, *Historia de la Lengua Española*, Madrid (Gredos), 1980, páx. 66.

LINGUA E HISTORIA

Hai que supoñer que mentres se mantivo o dominio do Imperio Romano (en torno a 6 séculos), o latín falado en Hispania non formaba un sistema fixo ou uniforme de lingua senón que constituía un conxunto de tendencias ou de diasistemas evolutivos⁸, ao que hai que engadir os usos de lingua diferentes ou propios que había en cada rexión. Agora ben todas estas diferencias estaban «dominadas» por unha lingua que se «cultivaba ou ensinaba» por todo o Imperio, que sería unha especie de lingua «común», aprendida e esixida nos medios oficiais, e que valía non só para entenderse entre as distintas xentes da Península e Administración senón que ao mesmo tempo servía coma muro de «contención» das diversas falas rexionais. Pero cando o Imperio Romano se derruba no ano 476 d. C.⁹, esa lingua «común» que se ensinaba por mandato institucional tamén desaparece. Cando se ven abaixo un Estado, (case) toda a súa engrenaxe «social» vai esmorecendo. Xa non hai funcionarios, xa non hai conexións con Roma, xa non hai transaccións económicas nin políticas, en definitiva, xa non é necesaria esa lingua «común» para comunicarse institucionalmente. Pese ao dito, a lingua latina estaba implantada xa na sociedade hispana e seguía ademais moi vencellada a ela a través da relixión. Agora ben, o resultado lingüístico deste momento é que as linguas peninsulares: galego, asturiano, castelán, aranés, navarro, aragonés e catalán xa non se formarán dun latín unitario senón das distintas linguas que se falaban en cada rexión e que a partir de agora desenvolveranse sen tra-

⁸ Cfr. M. DÍAZ Y DÍAZ, «El latín de la Península Ibérica. Dialectalismos», *ELH*, I, Madrid, páxs. 237-250; tamén no «El latín de la Península Ibérica: rasgos lingüísticos», *ELH*, I, páxs. 153-197; V. VÄÄNÄNEN, *Introducción al latín vulgar*, Madrid (Gredos), 1968; J. HERMAN, *El latín vulgar*, ed. C. Arias Abellán, Barcelona (Ariel), 1997.

⁹ Neste ano foi destronado o último Emperador, Rómulo Augústulo, polo xefe dos hérulos, Odoacro, que se fixo nomear rei de Italia, co que se termina o Imperio Romano.

ba nin atranco algún, nin desa lingua «común» ou «estándar» que servía para entenderse coa Administración e entre as xentes das distintas rexiois, nin tampouco ca traba da lingua literaria, que tería o seu modelo en Roma. Polo tanto, estas distintas linguas peninsulares van evolucionar seguindo as súas tendencias e, se cabe, profundizando máis nas súas diferenzas lingüísticas porque agora non teñen ningún tipo de modelo lingüístico que seguir nin respectar.

A principios do século v (409) chegan á Península un conxunto de pobos xermánicos, que xa desde o século i viñan acosando e facendo incursiois sobre Roma e Hispania. De todos eles, interésannos os suevos xa que no ano 411 aséntanse na *Gallaecia*. Profesaban a relixión arriana, relixión que abandonan para convertírense ao catolicismo no ano 559, debido ao ministerio de San Martín de Dumio, durante o reinado do rei suevo Teodomiro (559-570). É xustamente en torno a estes anos do século vi, cando se asentan os bretois ou a igrexa bretona no norte de Lugo, según sinala A. García y García:

«Es precisamente en este siglo de penumbra o de sombra cuando la iglesia bretona se instala y se organiza en las tierras de lo que hoy es la franja norteña de la provincia de Lugo y la occidental de Asturias»¹⁰.

Sabemos da existencia da sede eclesiástica dos bretois gracias ao *Parochiale Suevorum* ou *Divisio Theodomiri*, que se redactou no I Concilio de Lugo no ano 569 e que di:

«Ad sedem Britonorum ecclesias que sunt intro Britones una cum monasterio Maximi et que in Asturiis sunt» («A la sede de los britones [pertencen] las iglesias que hay entre los britones, junto con el Monasterio Máximo, y las que están en Asturias»)¹¹.

Na actualidade parece demostrado que a sede dos bretois estaba na actual Bretoña, que pertence ao Concello da Pastoriza (Lugo) e que se

¹⁰ A. GARCÍA Y GARCÍA, «Ecclesia Britoniensis», *Estudios Mindonienses*, 2 (1986), páx. 127.


¹¹ Cfr. P. DAVID, *Études historiques sur la Galice et le Portugal du vi au xii siècle*, París, 1947, páx. 44.




MAPA I. Primitivo territorio astur, segundo Carmen Fernández Ochoa



MAPA 2. Dióceses suevas (420-572), segundo Camilo Torres.



MAPA 3. Zona de palatalización de *l-* e *-l-*, segundo L. Rodríguez-Castellanos.



Fronteira entre o galego e o asturiano
 Lindeiro administrativo entre Galicia e Asturias

MAPA 4. Concellos de fala galega en Asturias.

atopa a poucos kms. de Mondoñedo, e polo que respecta ao *Monasteiro Máximo* parece que se identifica con San Martín de Mondoñedo¹². O máis difícil de interpretar é a última parte onde di «et que in Asturiis sunt» (y las que están en Asturias). O tan citado García y García a propósito do asentamento dos bretois di textualmente: «la iglesia bretona se instala y se organiza en las tierras de lo que hoy es la franja norteña de la provincia de Lugo y la occidental de Asturias». En efecto, pola lóxica que nos impón a historia e sobre todo polos feitos históricos posteriores parece que os terreos comprendidos entre o Navia (ou Caneiro) e o Eo pertenceron ou foron da xurisdicción eclesiástica da igrexa bretona, que tiña o seu centro monacal no pobo de Bretoña (Lugo)¹³.

O pobo dos visigodos e polo tanto os seus reis, eran unhos invasores que estaban practicamente romanizados, xa que proviñan de rexións europeas que pertencían ao Imperio Romano, como é o caso da Dacia en Rumanía ou de Toulouse en Francia¹⁴. Viñan coa cultura romana asimilada e a súa lingua era xa a latina, pois así nolo manifestan os seus escritos. Unicamente no ámbito do léxico, da antroponimia e da toponimia deixaron estelas da súa lingua. Ao dito hai que engadir que eran pobos cultos que destacaron e foron pioneiros en varios terreos como é no «xurídico» (implantaron o Foro Xuzgo), no «literario» (poesía épica) e no relixioso (distribución parroquial).

Por outra banda, tamén está comprobado (porque viñan xa romanizados e ademais eran cultos), que manteñen a mesma estrutura rexional que herdaran dos romanos: *Córdoba, Hispalis, Emérita, Cesar Augusta*, etc.; unicamente engaden un novo centro cultural e político que é Toledo. No mesmo senso se manifesta A. García y García:

¹² Vid. A. GARCÍA Y GARCÍA, *op. cit.*, páxs. 128-131.

¹³ Incluso pode ser que outras comunidades bretonas dependeran da «sedem britanorum».

¹⁴ Neste último caso, sábese que estiveron asentados en torno a cen anos en territorio francés.

«Durante una parte del siglo v y a lo largo del vi la antigua Galicia romana fue ocupada por los suevos (...) No aparecen como federados de Roma, sino como un reino independiente que se constituye antes de mediados del siglo v. Pero parece que aceptaron o utilizaron el sistema administrativo romano al menos en algunos de sus aspectos. El año 460 se habla todavía, según Idacio, de un *rector provinciae* al estilo de los gobernadores romanos (...) Como la mayoría de los reyes bárbaros de religión arriana, fueron tolerantes, en principio, con sus súbditos de religión católica»¹⁵.

O mesmo hai que supoñer que pasou nesta parte do territorio hispano. Cunha certa seguridade podemos afirmar que a división eclesiástica que San Martín Dumense lle propón a Teodomiro, aparte de crear novas sés, respetaba bispados e lindeiros que estableceran os romanos. Se non fora eisí, se os lindeiros fosen cambiados debido á distribución eclesiástica, probablemente –por non dicir con toda certeza– estivera recollido e consignado no mesmo *Parochiale* por tratarse ademais dunha reestructuración profunda respecto á época anterior, da mesma maneira, por outra parte, coma están consignadas a creación das dioceses novas. Ademais, se estes terreos se arredasen neste momento do seu medio natural, as manifestacións culturais (folklore, tradición oral, lingua, arquitectura popular, expresión musical, etc.) serían asturianas e non é así. Esta é unha proba contundente. Un pequeno exemplo ao respecto: na nova división eclesiástica créase a igrexa metropolitana de Lugo (no Concilio suevo-galaico de Lugo no 569) e pasan baixo a súa xurisdicción os bispados que están hoxe en España: Astorga, Britonia, Iria Flavia, Ourense e Tui e, en cambio, da vella igrexa metropolitana de Braga, pasan a depender as que hai hoxe en Portugal: Coímbra, Dumio, Idanha, Lamego, Oporto e Viseo. Digamos que nesta nova reforma respetáronse culturas e idiosincrasias de pobos, maneira de actuar que debemos pensar igualmente que se deu nesta zona.

¹⁵ A. GARCÍA Y GARCÍA, *op. cit.*, páx. 124.

Por outra banda, o que se discute tamén é a organización e a función destes mosteiros-bispado, é dicir, se seguían un modelo celta con un abade-bispo a súa fronte ou pola contra se eran xa bispados-dioceces cun bispo a súa fronte, como son os dos romanos, cuestión xa plantexada e tratada por T. Taylor no 1916¹⁶. Hai quen pensan –como Pierre David– que se trataba dun sistema céltico e outros que estaban en proceso de reconversión ao sistema romano¹⁷. Interpretación que tamén plantexa J. Fernández Conde:

«Si la mio interpretación d'esta parte del *Parochiale* ye acertada, puede concluyise que na Alta Edá Media, ye dicir, del sieglo VI p'alantre, polo menos antes de la época de la Monarquía Asturiana (s. VIII-X), nel occidente y nel centru d'Asturies, había ilesias –parroquias– que taben xuncíes a territorios xeográficos estensos, p'atender a comunidaes de cristianos péscos y bretones. Les d'estos últimos, rellacionaes con un abá-obispu, teníen un calter monásticu, polo menos fasta l'aniciu del sieglo VIII, cuando desaparec el monesteriu de Máximo y la sede de "Britonia"»¹⁸.

En conclusión, retomando tanto o sentido do *Parochiale* coma o exposto con anterioridade, as igrexas ou parroquias bretonas dependían ou estaban xunguidas «ad sedem Britonorum» (que estaba en Bretoña, A Pastoriza-Lugo), e a súa zona de influencia ou xurisdicción eclesiástica abranguería o que é hoxe o bispado de Mondoñedo, os terreos do Eo-Navia e parece que tamén as que están en Asturias «et que in Asturiis sunt»¹⁹ (*Mapa 2*).

¹⁶ T. TAYLOR, «The Monastery-Bishoprics of Cornwall», en *The Celtic Christianity of Cornwall*, London, 1916, páxs. 58 e segs.

¹⁷ E. A. THOMPSON, «Britonia», en *Christianity in Britain, 30-700*, ed. by M. W. Barley y R. P. C. Hanson, Leicester University Press, 1968, páxs. 201-205.

¹⁸ J. FERNÁNDEZ CONDE, «Organización eclesiástica nel occidente d'Asturies», *Lletres Asturianas*, 62 (1997), páxs. 82-83.

¹⁹ Vid. J. FERNÁNDEZ CONDE, «Bretones o Británicos n'Asturies nos primeiros sieglos medievales. La sede de Britonia», *Asturies-Memoria encesa d'un país*, Uviéu (Belenos), 1996, páxs. 41-47.

Polo que respecta á lingua pouco se sabe desta época pero sí están constatados algunhos fenómenos como por exemplo a sonorización das xordas intervocálicas *eglesia* < e c c l e s i a; a vocalización de velares en grupos do tipo /-kt-/ y /-ks-/: *laite* < l a c t e, *aise* < a x e; a palatalización de /-lj-/: *palla* < p a l e a, así coma de grupos romances /-kʎ-/: *co(n)ello*; cunic(u)lum a palatalización da /l-/ inicial: *lluna*. Con case toda seguridade a palatalización que hai nas falas do Eo-Navia veña desta época (*Mapa 3*).

A invasión dos árabes, a diferenza da dos visigodos, supuxo unha «ruptura» socio-cultural coa tradición que había na Península. En efecto, os visigodos viñan romanizados e incorporáronse, en xeral, sen problemas á vida peninsular. Os árabes, en cambio, un pobo superior culturalmente e cunha concepción distinta da vida rematan coa monarquía visigoda e fenden o sistema de provincias e de dioceses administrativas eclesiásticas. E a Britonia ou a sede Britoniense tamén lle afectou a invasión dos árabes porque no ano 716 (século VIII) é destruída e os terreos da súa sede repártense entre dous bispados que nacen ao longo desta época: o de Oviedo e o Mindoniense, este no seus comenzos con sé en San Martín de Mondoñedo, onde con case toda seguridade estivera o mosteiro Máximo que cita o *Parochiale*. En efecto, Alfonso III outórgalle a Sabarico, primeiro bispo de San Martín, as igrexas do «condado de Montenegro», entre o Eo e o Eume –territorios que pertencían a sede Britoniense– porque:

«la diócesis de Oviedo le disputaba las partes que en la orilla derecha del Eo habían pertenecido a la antigua Britonia; y como Lugo no podía dar más por el sur, y por el oeste ya tropezaba con las pertenencias de Iria-Compostela, el rey Alfonso III trata de favorecer a la nueva diócesis dando a Rudesindo, sucesor de Sabarico, el territorio de Dumio»²⁰.

²⁰ Cfr. A. CUMBREÑO FLORIANO, «El expediente diplomático de la Iglesia Minduniense», *BRAH*, CLIII/1, Madrid, 1963, páxs. 69-96.

Polo que respecta á outra banda do río, os terreos entre o Eo e o Navia que pertenceran tamén á antiga Britonia, eran pretendidos tanto pola mitra como polos reis asturianos. En verbas de R. Pérez de Castro:

«Los Reyes asturianos, con el afán de repoblar sus territorios, comienzan a hacer donaciones de ellos a los soldados más distinguidos, construyendo éstos monasterios que posteriormente solían donar a la Iglesia debido al espíritu religioso de aquella época. También los nobles y los propios Reyes hicieron importantes donaciones a la iglesia de San Salvador de Oviedo, que poco a poco y dado el gran número de las que fueron hechas, llegó a ser poseedor de casi la mitad de Asturias»²¹.

É dicir, polo arte do «virli virloque» os reis asturianos comezaron a facer doazoís nestes territorios entre o Navia e o Eo co gallo de repoboalos, arredando unha zona do seu medio natural «cultural e lingüístico», que era o galego²². A máis importante destas doazoís parece que foi unha de Ramiro II según R. Pérez de Castro:

«La más importante de ellas, y anterior en fecha, es la del año 926, en que Ramiro II además de confirmar las otorgadas por sus predecesores, hace otras nuevas al obispo de Oviedo, que comprenden varias villas y monasterios situados en el territorio del Navia al Eo»²³;

e segue dicindo a citada autora:

«Desde este momento la Iglesia de Oviedo era ya poseedora de este territorio de la Asturias occidental, pero el obispo de Lugo, que dominaba la parte opuesta del río, anhelaba también la orilla asturiana y plantea una reivindicatoria contra el obispo de Oviedo; quien a su vez poseía en territorio de Lugo otras tierras, derechos y jurisdicciones. A raíz de este pleito se sucedieron enconadas acciones entre ambas sedes, no cediendo en sus pretensiones. Así pasaron dos siglos, desde el año 926 hasta que Alfonso VII trata en 1154 de poner término a dicho litigio, aler-

²¹ R. PÉREZ DE CASTRO, *Los señoríos episcopales en Asturias: el régimen jurídico de la obispalía de Castropol*, Oviedo (Instituto de Estudios Asturianos), 1987, páxs. 111-112.

²² Zona que mantivo ate o día de hoxe a lingua e a cultura galega moi viva, a pesar do proceso de transculturalización que está en marcha desde fai unhas anos.

²³ R. PÉREZ DE CASTRO, *op. cit.*, pág. 113.

tado por su tío el papa Calixto, del que recibió una carta para que procurase extinguir las diferencias entre los dos obispos»²⁴;

e continúa:

«Para terminar con la discordia y estando el Emperador en Salamanca en 1154, con su mujer doña Rica y sus hijos don Sancho y don Fernando, aprovechó para aconsejarse con el arzobispo de Toledo y los obispos y señores de su reino que asistían a las cortes que allí se celebraban; y en las que se encontraban presentes, además, los obispos (Martín de Oviedo y Juan de Lugo), acompañados por las personas de sus cabildos, el ya citado don Juan, primado de Toledo (...)

«Tratado el tema a propuesta del Rey, el obispo de Oviedo, don Martín, convino en renunciar a favor del de Lugo, Juan, a todos los términos, posesiones y derechos que el obispo de Oviedo tenía en territorio lucense y sobre los que sostenía la contienda. En compensación Alfonso VII, viendo la buena voluntad del obispo de Oviedo y complacido por ello, hizo donación a la Iglesia de Oviedo, el 2 de enero de 1154, del señorío del castillo del Suarón, entre los ríos Ove y Navia, y Las Regueras, con todas sus pertenencias, regalías y posesiones de su jurisdicción».

«Dicha concesión se reitera de nuevo en la *escritura de concordia* entre los obispos Martín de Oviedo y Juan de Lugo, que tuvo lugar diecisiete días después de la primera, el 19 de enero de 1154. En ella se pactó la concordia, avenencia y donación de las tierras y concejos de Ribadeo y Las Regueras».

para rematar afirmando R. Pérez de Castro:

«Desde entonces pertenecieron a la Iglesia de Oviedo las tierras entre los ríos Navia y Ove; el castillo del Suarón, con todos sus derechos y mandaciones, y a la Iglesia de Lugo (diócesis gallega) los términos de Neiram de Arriba y de Abajo, Val Longa, Flamosum, Sarriam, Froianos, Lemos, Verosmo, Savinianos, Páramos, Agina, Camba, Derón y Aviancos, «hasta que se termine el mundo». Quedó así finalizado aquel larguísimo pleito, comenzado en el año 926 y que, gracias a la acción conciliadora de Alfonso VII, terminó el año 1154»²⁵.

As palabras de R. Pérez de Castro non deixan lugar a dúbida «desde entón pertenceron a igrexa de Oviedo as terras entre os ríos Navia e

²⁴ *Op. cit.*, páxs. 113-114.

²⁵ *Op. cit.*, páxs. 114-115.

Eo». No mesmo senso se amosan outros historiadores asturianos coma J. I. Ruiz de la Peña que afirma:

«El 2 de enero de 1154, Alfonso VII ponía bajo la jurisdicción de la sede ovetense el extenso territorio «quod est inter fluuium de Oue et fluuium Nauia», lo que años más tarde se llamará *tierra de Ribadeo*»²⁶,

e se Alfonso VII «poñía baixo a xurisdicción» é que ate entón non estaba baixo a súa xurisdicción; igualmente, o tamén historiador J. Fernández Conde dinos:

«Durante el episcopado de Pelayo surgió o estaba ya en marcha un conflicto entre la diócesis de Lugo y Oviedo, sobre la pertenencia de un grupo de parroquias gallegas; la solución del mismo no llegaría hasta mediados del siglo XII»²⁷.

Desde o punto de vista lingüístico esta etapa histórica (séculos VIII-XII) correspóndese coa aparición escrita das distintas linguas románicas. En efecto, hai algunhas datas importantes neste senso que paga a pena recordar. No ano 813 celebrouse o Concilio de Tours, onde os dirixentes eclesiásticos tomaron a decisión de predicar en lingua romance ou xermánica (*rusticam romanam linguam aut thiotiscam*). Este acordo do Concilio quere dicir que o pobo xa non entendía o latín (que era a lingua na que se facían tódolos actos litúrxicos) e que polo tanto tiñan que dirixirse aos fieles na lingua en que podían entendelos: as linguas propias dos lugares. Polo tanto, a principios do século IX o latín escrito distanciárase tanto do falado que a cúpula eclesiástica veu a necesidade de empregar a lingua falada polo pobo para explicar a súa mensaxe. Este acordo «lingüístico» do Concilio vese respaldado polo feito de que ao pouco tempo empezan a aparecer textos escritos nas distintas linguas autóctonas romances como é o caso dos *Xuramentos de Estrasburgo* (842) ou da *Cantilena de Santa Olaia*.

²⁶ J. I. RUIZ DE LA PEÑA, *Las «Polas» Asturianas en la Edad Media*, Oviedo (Universidad), 1981, páx. 91.

²⁷ F. J. FERNÁNDEZ CONDE, *El libro de los testamentos de la Catedral de Oviedo*, Roma, 1971, páx. 73.

Igualmente de finais do século VIII ou comezos do IX é o coñecido *Indovinello Veronese* e do 960 o *Placito Capuano* que poderían moi ben ser indicativos do encomezo de escribir romance de «tipo italiano» fronte ao latín. Outro tanto hai que pensar que pasou na Península e aí temos o chamado «latín leonés» que xa é en realidade romance e que agroma ao longo dos séculos IX e X²⁸. Na mesma liña se manifesta R. Menéndez Pidal:

«Cuando éstos [*los idiomas*] empiezan a sernos conocidos en escritos de los siglos IX y X, los hallamos ya completamente diversificados unos y otros»²⁹.

Polo tanto, se no século IX xa hai constancia escrita das distintas linguas románicas quere dicir que neste momento xa estaban formadas e sobre todo, e máis importante, é que moito antes do século IX xa se falaban, porque como se sabe a escritura sempre tarda moito en asumir os novos feitos lingüísticos.

En resume, cando xa temos constancia escrita de que as linguas románicas están formadas (s. IX), estos terreos comezan a ser colonizados polos reis asturianos e tres séculos máis tarde (XII) pasan a pertencer a Asturias, quere dicir que nin neste momento nin despois (coma demostrou a historia) lle afectou para nada nin a lingua nin a cultura asturiana pola sinxela razón que os habitantes de esta zona xa tiñan formada a súa idiosincrasia, que era a galega (*Mapa 4*).

A VISIÓN DOS DIVERSOS FILÓLOGOS

Un dos primeiros estudiosos que deixou constancia de que a lingua que se falaba á outra beira do río Navia era o galego foi Åke W:son: Son Munthe, que no seu libro *Anotaciones sobre el habla popular de*

²⁸ R. MENÉNDEZ PIDAL, *Orígenes del español*, 7.^a ed., Madrid (Espasa-Calpe), 1972, páxs. 454-460.

²⁹ R. MENÉNDEZ PIDAL, *Manual de Gramática Histórica Española*, Madrid (Espasa-Calpe), 1983, páx. 5.

una zona del occidente de Asturias, publicado en Uppsala (Suecia) no ano 1887, así o manifesta de cotío ao longo do libro³⁰. Sirvan como mostra as primeiras reflexiois das súas conclusións:

«Ya se ha indicado varias veces en lo que antecede que los dialectos de la parte de Asturias situada al oeste del río Navia no deben considerarse como asturianos sino como gallegos»³¹.

Ou tamén:

«Al oeste de Posada, la Sierra de Rañadoiro; y al otro lado de ella, a unos 20 kms. del pueblo, está la frontera gallega»³²; «Finalmente, para la zona asturiana al oeste del río Navia (que sin embargo desde el punto de vista lingüístico no puede considerarse asturiana)»³³.

En 1906, R. Menéndez Pidal publica na *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* o seu traballo *El dialecto leonés*, e nel di:

«En *Asturias*, junto al mar, el dialecto leonés, no empieza sino a la derecha del río Navia; a la izquierda se habla hoy una variedad del gallego de Lugo, y aún en algunos pueblos inmediatos a la orilla derecha. Así en Armental, que está a la derecha, se dice *corpo, terra, morto, tempo*»³⁴;

ao mesmo tempo que nunha nota a pé de páxina (a seis) sinala os seus rasgos máis característicos.

Non dúbida endexamais R. Menéndez Pidal cada vez que sae esta zona nos seus traballos en caracterizala como zona de fala galega. Así nos *Orígenes del español* a propósito da voz «Oscos» dinos:

³⁰ ÅKE W:SON MUNTHE, *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*, Uviéu (Biblioteca de Filoloxía Asturiana), 1988.

³¹ *Op. cit.*, páx. 97.

³² *Op. cit.*, páx. 14.

³³ *Op. cit.*, páx. 16.

³⁴ R. MENÉNDEZ PIDAL, *El dialecto leonés*, León (Diputación Provincial de León), 1990, páx. 11.

«Comprende tres concejos asturianos: Villanueva de Oscos, San Martín de Oscos, Santa Eulalia de Oscos; es región de habla gallega, por lo cual no puede diptongar la *o* inicial»³⁵.

Agora ben, o que máis estudiou e caracterizou a lingua desta zona foi Dámaso Alonso, quen lle deu a denominación de «gallego-asturiano»; cas súas mesmas verbas:

«Llamamos gallego exterior o gallego-leonés al hablado fuera de Galicia, en tierras españolas limítrofes con ella. El gallego exterior o gallego-leonés comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia, están dentro del sistema lingüístico galaico, si lo miramos en una perspectiva sincrónico-diacrónica; pero junto a estos rasgos esencialmente galaicos, presentan siempre las hablas del gallego exterior unos pocos que son propios del dialecto leonés. Una rama del gallego-leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano; otra es el gallego-leonés hablado en el NO. y parte del O. de la provincia de León (...); otra rama es el gallego-zamorano, hablado en el extremo NO. de la provincia de Zamora»³⁶.

Nesta cita de Dámaso Alonso condénsase o que pensaba o ilustre filólogo sobre a lingua desta zona. Chama Dámaso Alonso «gallego exterior o gallego-leonés» a «una serie de hablas que son básicamente gallegas» e matiza (a cursiva é miña) «con *rasgos* que, aunque a veces *varían* respecto al gallego considerado como normal en Galicia, *están dentro del sistema lingüístico galaico*» e puntualiza aínda máis, desde «una perspectiva sincrónico-diacrónica», é dicir, Dámaso Alonso sabía que a presenza do galego neste territorio asturiano non se debía a posibles influencias das linguas en contacto senón que se debe a cuestións históricas (desde una perspectiva sincrónico-diacrónica) –como por outra parte queda demostrado no apartado anterior–. Segue dicindo que «junto a estos

³⁵ R. MENÉNDEZ PIDAL, *Orígenes del español*, páx. 305, nota 2.

³⁶ D. ALONSO y V. GARCÍA YEBRA, «El gallego-leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa», *Obras Completas*, I, Madrid (Gredos), 1972, páxs. 315-316.

rasgos esencialmente galaicos, presentan siempre las hablas del gallego exterior unos pocos que son propios del dialecto leonés» para concluir sinalando que «una rama del gallego-leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano». Parece que Dámaso Alonso non estaba moi seguro da denominación de «gallego-asturiano» xa que matiza «que muchas veces, por rapidez». En efecto, ao longo dos seus estudos case sempre que ten oportunidade trata de clarexar esa denominación, así:

«Baste hoy decir que la afirmación ya antigua de que el gallego llega, dentro de Asturias, hasta el río Navia, es justísima, si bien, como es sabido, algunos fenómenos típicamente asturianos penetran al Oeste de esta línea. Estas hablas de entre el Navia y el Eo, fundamentalmente gallegas, pero con algunos rasgos asturianos, las designo con el nombre de gallego-asturiano. Dentro de esa zona, políticamente asturiana, lingüísticamente gallega (...)»³⁷.

Que probablemente era unha denominación que non lle satisfacía plenamente a Dámaso Alonso o demostra o feito de que outras veces empregaba outras formas para denominalo. Así a propósito do estudio da verba portuguesa *sotaque* di:

«Con igual significado en el gallego de la Asturias occidental (...)»³⁸;

«Para la comprensión de la legitimidad fonética de estas formas (*redolada, redolo, arredolao*) del gallego hablado en el extremo occidental de Asturias (el que llamo gall.-ast.)»³⁹,

é dicir, Dámaso Alonso tamén emprega a denominación de «gallego de la Asturias occidental» ou «gallego hablado en el extremo occidental de Asturias».

³⁷ D. ALONSO, «Junio» y «Julio» entre Galicia y Asturias», *Obras Completas*, I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 391.

³⁸ D. ALONSO, «Portugués "sotaque"», *Obras Completas*, I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 444.

³⁹ D. ALONSO, «Representantes no sincopados de "*Rotulare"», *Obras Completas*, I, Madrid (Gredos), 1972, páx. 540.

Para outros filólogos como L. Rodríguez Castellano a caracterización da lingua desta zona non lle ofrece dúbida algunha:

«intentaremos delimitar una particularidad fonética, considerada como rasgo típico del asturiano-leonés, que se encuentra en zona de habla gallega (...) Vamos, pues, a dar a conocer en este trabajo la extensión del fenómeno fonético de la palatalización (...) dentro de la variedad dialectal que agrupamos con el gallego»⁴⁰.

Por último, outros estudiosos (que apenas se apartan do que pensan os anteriores) entenden que se trata dunha zona lingüísticamente galega coas súas características lóxicas e singulares de zona, entre os que hai que citar a F. Fernández Rei⁴¹, X. Babarro González⁴² ou R. d'Andrés⁴³. Mentras os que seguen a liña oficialista da Academia da Llingua Asturiana como X. Lluís García Arias⁴⁴, A. Cano⁴⁵ ou J. A. Fernández Vior⁴⁶ defenden que se trata dunha zona onde se misturan trazos lingüísticos galegos cos asturianos, esto é, estaríamos diante dunha lingua de transición. Hai algún caso chamativo como é o da citada romanista A. Cano que nun traballo expoñía que se trataba dunha zona claramente galega:

«Dejamos fuera de nuestro estudio la parte más occidental de la provincia por hablarse en ella una variedad del gallego de Lugo, que se extiende por los pueblos situados a la izquierda del río Navia e incluso por algunos de la orilla derecha

⁴⁰ L. RODRÍGUEZ-CASTELLANO, «Palatalización de *L* inicial en la Asturias de habla gallega», *Verba*, 2 (1975), páx. 137.

⁴¹ F. FERNÁNDEZ REI, *Dialectología da lingua galega*, Vigo (Xerais), 1990.

⁴² X. BABARRO GONZÁLEZ, «A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias», en *Lingua e cultura galega de Asturias*, ed. de F. Fernández Rei, Vigo (Xerais), 1994, páxs. 82-148.

⁴³ RAMÓN D'ANDRÉS, «Gallego», *Les Noticias*, 31-10-1999.

⁴⁴ X. LL. GARCÍA ARIAS, «Asturiano: evolución lingüística externa», en *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen (Max Niemeyer Verlag), 1992, páx. 681.

⁴⁵ A. M.^a CANO GONZÁLEZ, «Asturiano: evolución lingüística interna», en *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen (Max Niemeyer Verlag), 1992, páx. 652.

⁴⁶ J. A. FERNÁNDEZ VIOR, *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)*, Uviéu (Academia da Llingua Asturiana), 1997.

—Armental: *corpo, terra*—, aproximadamente hasta unos 8 Km. al oriente del citado río. La adiptongación o diptongación de /el, /ol breves latinas marca el límite de esta zona de habla gallega con el asturiano occidental»⁴⁷;

pero unha vez que se integrou na corrente oficialista da Academia da Llingua defende a teoría da «mesturanza lingüística».

E xa exemplo de contradicción lingüística é a do profesor Alarcos Llorach que nos derradeiros anos lle negou por «activa e por pasiva»⁴⁸ o estatus lingüístico ao asturiano e nun artigo posterior trata de defender a existencia do galego-asturiano. Se non existe o asturiano ¿como pode existir o galego-asturiano?⁴⁹

A DENOMINACIÓN DE «GALLEGO-ASTURIANO»: ¿LINGUA DE TRANSICIÓN?

Unha lingua componse de unidades da primeira e segunda articulación que forman signos con expresión ou significado e contido ou significado e unha serie de regras para combinalos. Os elementos que forman os significantes dos signos, isto é, os fonemas, constitúen os sistemas fonolóxicos das linguas e os que forman o significado conforman o sistema semántico. Pero tamén os signos agrúpanse en categorías dando lugar ao sistema morfolóxico, eisí como teñen unha maneira

⁴⁷ A. M.^a CANO GONZÁLEZ, «Los distintos bables de la región asturiana», *I Asamblea Regional del Bable*, Madrid (Editora Nacional), 1980, páxs. 43-44.

⁴⁸ Este emérito profesor negou por «activa e por pasiva» a existencia do asturiano. Por «activa» porque foi o promotor (xunto co filósofo G. Bueno e o dialectólogo X. Neira, entre outros) dun manifesto, publicado varios días na prensa local, titulado «La realidad lingüística de Asturias» (*La Nueva España*, 29-5-1988), no que se afirmaba que non existía un asturiano senón moitos asturianos. E por «pasiva» porque en tódolos foros nos que tivo ocasión de participar ben persoalmente ben a través de escritos: Xunta de Facultade, Xunta de Goberno da Universidade, Institucións do Principado, radio, etc., seguiu empeñado en negarlle o «estatus» de lingua ao asturiano.

⁴⁹ E. ALARCOS LLORACH, «Gallego-Asturiano», en *Manual de Dialectología Hispánica*, M. Alvar (coord.), Barcelona (Ariel), 1996, páxs. 134-138.

de distribuírense no contexto oracional formando o sistema sintáctico. É dicir, que o sistema dunha lingua está formado por varios subsistemas lingüísticos entre os que se contan: o fonolóxico, o semántico, o morfolóxico e o sintáctico. E cada comunidade lingüística (Galicia, Asturias, Castela, Cataluña, etc.) adapta as unidades dos distintos sistemas ou subsistemas según as súas necesidades sociais. A lingua como os costumes é un feito de sociedade. Polo tanto, cada sistema de lingua diferénciase dos demais polas súas características propias e pertinentes, o que L. Hjelmslev chama «forma de expresión e contido». Gracias a elas podemos saber ate onde chega unha lingua e onde empeza outra, que a dialectoloxía delimita mediante isoglosas fonolóxicas, semánticas, morfolóxicas e sintácticas.

Unha lingua de transición é aquela na que se misturan rasgos fonolóxicos, léxicos, morfolóxicos e sintácticos de dúas linguas. Non é o caso do chamado galego-asturiano. Na obsesión de etiquetalo como galego-asturiano, os lingüistas que máis rasgos encontran cóntanos cos dedos da man –en verbas de Dámaso Alonso «algunos rasgos asturianos»– e incluso estes poucos son moi discutibles, como é o caso por exemplo da palatalización do *l*- inicial e o *-ll-* intervocálica. ¿Pódese, polo tanto, con rigor científico falar de lingua de transición? Desde un punto de vista lingüístico non é aceptable tal denominación porque nin cuantitativamente ditos rasgos teñen peso para tal denominación nin desde o plano da expresión ou contido son significativos (algúns son feitos de substancia), pero ademais as linguas tamén están constituídas polo léxico, pola morfoloxía e pola sintaxe, sistemas estes do chamado galego-asturiano que pertencen plenamente ao dominio do galego.

Coma xa se viu –salvo excepcións moi sinaladas– todo o mundo está de acordo en que o sistema lingüístico galego chega en Asturias ou está delimitado pola liña que vai polo cordal do este do río Navia. O propio Alarcos di que é a isoglosa máis importante que hai no occidente de Asturias xa que separa sistemas de lingua diferentes: o galego

fronte ao astur-leonés⁵⁰. Pero parece que este lingüista esquece que o que se fala nesta franxa de terra asturiana é o galego, de aí que no seu traballo se atopen plantexamentos como os que seguen: «El límite del gallego-asturiano con el gallego oriental es mucho más difuso»⁵¹. Probablemente descoñecía que o galego de esta zona é galego oriental⁵² e así un par de liñas máis abaixo sinala como isoglosa a terminación en *-in* (propia de galego de Asturias) fronte a *-iño*. O que sí descoñecía Alarcos Llorach era que *-in* tamén se da no galego oriental do interior de Galicia. Segue sinalando lindeiros entre unha lingua e outra e así plantexa: «En cuanto a la geminada *-nn-*, sus resultados son concordes con las tres zonas gallegas, gallego-asturiana y la mayor parte de la occidental: *p a n n u > pano, p i n n a > pena*». ¿Cal é aquí o lindeiro ou a característica do galego-asturiano? Este plantexamento vólvese a repetir noutros momentos do artigo, por exemplo: «En los pronombres personales hay que destacar la perduración de *you < e g o* del bable occidental más allá de la isoglosa de la diptongación, en particular en los concejos de Navia y Villayón. En el resto del gallego-asturiano ya aparece la forma gallega *èo - èu*»⁵³. O resto é toda a zona do Navia-Eo.

Polo que respecta á palatalización do *l*- inicial e o *-ll-* intervocálico o que mellor a estudiou foi L. Rodríguez-Castellano porque o que aínda está por resolver é se este fenómeno —coma él plantexou— «es un producto de invasión o un desarrollo indígena»⁵⁴. Xa se deu conta entón que podía ser unha solución propia da zona porque hai cuestións

⁵⁰ *Op. cit.*, páx. 134.

⁵¹ *Op. cit.*, páx. 136.

⁵² Neste senso a bibliografía que manexa é dos anos 50 e 60, agás os traballos de C. MUÑIZ (1978) e o de J. GARCÍA (1983), e desde entón «choveu moito» para a filoloxía.

⁵³ *Op. cit.*, páx. 137.

⁵⁴ L. RODRÍGUEZ-CASTELLANO, «Palatalización de L inicial en la Asturias de habla gallega», *Verba*, 2 (1975), páx. 144. Por certo, Alarcos Llorach cita este traballo pero a versión do ano 1948.

escuras como por exemplo que esta zona linda cunha zona asturiana do «che» vaqueiro. Polo tanto ¿de ónde ven a influencia de este sonido? A solución pode estar (non digo que seña) no tratamento das líquidas que ten o galego: mentras que nunha parte do galego o *-l-* intervocálico desaparece (*moer*), o *l-* inicial manténse (*lúa*) e o *-ll-* simplifícase en *l* (*cabalo*), noutra parte, nas falas do Eo-Navia, na parte oriental do Bierzo e no leste de Lugo manténse o *-l-* intervocálico (*moler*), ademais nalgunhas falas da franxa Eo-Navia o *l-* inicial e o *-ll-* intervocálico palatalizan (*llúa, caballo*)⁵⁵. Aborda por último o yeísmo para rematar e recoñecer que «en los demás aspectos fonéticos, el gallego-asturiano comparte los resultados del bable occidental comunes con el gallego general». Parece que hai máis coincidencias co galego que diverxencias. Termina o traballo sinalando unhas particularidades morfolóxicas de entidade parecida ás fonéticas; por exemplo as quince liñas que lle dedica ás formas do verbo son todas galegas e as variantes que lles sinala son meras variantes de sustancia, características de calquera lingua histórica.

E unha derradeira reflexión a propósito das influencias das linguas. É sabido que o galego e o catalán ou o astur-leonés e o navarro-aragonés comparten solucións idénticas nalgunos casos ¿Pódese falar de influencias duna lingua sobre outra? ¿Inflúe o galego sobre o catalán ou a inversa? ¿Inflúe o astur-leonés sobre o navarro-aragonés ou a inversa?

Foi E. Coseriu quen expuxo con moita claridade que unha lingua histórica (coma é o caso das linguas peninsulares: galego, asturiano, castelán, catalán, etc.) non constitúe nunca un soio e único sistema de lingua senón que forma un diasistema de tendencias complexas de «dialectos», «niveis» e «estilos» de lingua, ou coma el mesmo di, unha lingua histórica sempre presenta variedades internas de tipo «diatópi-

⁵⁵ Cfr. A. MEILÁN GARCÍA, «De cuestións históricas e lingüísticas sobre “el galego de Asturias”», en *Lingua e Cultura Galega de Asturias*, ed. de F. Fernández Rei, Vigo (Xerais), 1994, páxs. 73-75.

co», «diastrático» e «diafásico»⁵⁶. Tendo en conta pois estas cuestións naide se debe estrañar que unha lingua histórica acolla distintas e diversas variedades fónicas, léxicas ou gramaticais, incluso dentro dos seus dialectos ou divisións lingüísticas. O que ten que facer o lingüista é explicalas con coherencia e, sobre todo, con obxectividade lingüística.

⁵⁶ E. COSERIU, *Lecciones de lingüística general*, Madrid (Gredos), 1986, páxs. 302 e sgtes.; «Los conceptos de "dialecto", "nivel" y "estilo de lengua" y el sentido propio de la dialectología», *LEA*, III (1981), páxs. 1-32.